


Iria F. SILVA

mantis religiosa

tou disposta a merendarte no meu leito.
preso no carromato do piso (sesentaenove) da nada.
ven,
 achégate.
Quérote mostrar a miña arma,
meu corpo coas estrías da botella chea das pegadas da polvareda,
do útero que sangra cada vez que percorres da man dos que platican sen ecosistema.
Bótame pranto na ferida.
Lévao cerca, lexos, dentro/fora do orde colonial.
Arume a xenebra, a antiga oxidada mazá.
E chove...
E mentres agardo o tempo que pasa sen ti
e choro no brazo da esquina da muller (eu mesma),
e penso que xa queda menos para saborearte,
para merendarnos xuntos, ben xuntiños,
coa salsa do seme na pota da cociña.

ela

Miña avó padece unha experiencia estética
tralos muros do almanaque. Sae fóra.
Escoita ata desprende-la sorte.
Semiclandestina.
Emerxe da imaxen dunha prostituta bêbeda de aplausos
polo facer ben.
Houbo que chamala.
 Houbo que voltala rumbo a casa.
 Houbo que reclama-la cara nosa fronte, cara o noso xenocidio da tarde.
Velaquí. Apátrida. Na corda dubidosa. Sen saber dicir. Sen lamber doces sen medicina.



Iria F. Silva

Poesia

Tan só un segundo

Meu alcohol durme. Anacos na nosa cama. Cheiro.
 Embigo snobista. Monte federado. XantarXuntos.
 Desorde estival.
 Eu debo, teño, quero engadir
 A miña proposta verde esquiva, pulmóns da fiestra asemellada, frases breves nos
 paxaros tépedos...

Envolvereite nas páxinas do meu devocionario.

Nunha tardíña

Tentei coa memoria rexuvenecer deste orgasmo de tertulia
 nun outono coa estufa quente,
 ás veces chea do irreal da luminosidade dos teus ollos no meu ollar,
 do estraperlo contra o chan,
 coma guerra que fan os que cedo morren ó caldo intestinal.
 A miña marxe esquerdaesquerdaesquerda
 de muller
 que merca cedo a brétema do vento
 que me atola cando menos o penso,
 cada vez que te achegas a míñ pra lembrarme que puido,
 puidemos ter os prazos pra foder coma che gusta,
 berrando a mil por hora, certos no noso fracaso na caixa de música oral... vocal.